

Camiñando coa literatura

Por tras de cada un dos universos que crean, os autores e autoras teñen un proxecto de escrita máis ou menos consciente: nisto da literatura, as filias e as fobias e as teimas persoais maniféstanse ben axiña. Se un lector ávido de saber máis dese escritor predilecto, tenta pescudar as súas lecturas fundamentais, as súas fontes e influencias, o que ama e o que odia culturalmente, conseguírao con relativa facilidade. Isto, sen ter en conta, que ao longo da historia do mundo das letras, n u -

Nos dominios de Caneiro

MONTSE PENA PRESAS

be o noso guieiro. Todo isto, facendo paradas e alusións noutros lugares predilectos: Comala, Macondo, Miranda, o túnel de Sábato e o tempo perdido de Proust tampouco quedan fóra do percorri-

o panorama literario na actualidade, o que foi no pasado e o que, presumiblemente, será no futuro. Neste punto, coñecemos as tendencias hoxe imperantes: fronte á “ditadura do simplismo” (representado polo éxito acadado por novelas arrecendentes a misterios históricos nunca resoltos) preséntase a “estética da rutura”, que bebería dos mestres e mestras da palabra e que prestaría un interese manifesto ao como se escribe e non tanto ao qué se escribe. Interesante dicotomía esta, da que o autor culpabiliza ao sistema literario (o mercado, as editoras, os medios de comunicación, os críticos...). Existe, porén, unha

CONSTRUÍR UNHA
FIESTRA PROPIA
POLA QUE
ALBISCAR OS
HORIZONTES
LITERARIOS

certa autocompraciencia coas figuras do escritor e da escritora, ás que se lle resta importancia dentro do réxime simplista que tan atacado é nesas páxinas.

Esta oposición repítese ao longo de toda obra, o que xera algunha complicación, como a tallante separación entre a “boa literatura” e a “mala literatura”, pois na maioría das ocasións estes criterios estancos son intercambiales dependendo dos ollos que lean. Ocorre tamén no capítulo en que se comparan as artes cinematográficas coas literarias: por veces semella que o cinema de calidade ten que beber, á forza, da novela.

Cando unha remata de transitar estes “dominios”, dáse de conta, que a pesar das trabas (ou precisamente por elas) que lles poida opor, a obra cumpre excelentemente cun dos seus obxectivos fundamentais: construír unha fiestra propia pola que albiscar o horizonte literario de todos os tempos, para despois podela reconstruír a partir do debate e da polémica que estas liñas xeran. Se volvemos mirar por ela, a paisaxe terá cambiado.

CANEIRO, Xosé Carlos, *Os dominios de Caín*, Ed. Galaxia, Vigo, 2006, 184 páxinas



meros autores non se conformaron só co eixo ficcional, senón que decidiron coller a nao do ensaio literario, ou se se prefire, do conglomerado de paixóns e odios que se agocha baixo a súa escrita para revelarnos que tesouros gardan nela.

En *Os dominios de Caín* hai moito disto, pois Caneiro decídese a guiar ao receptor e pasealo polos lares de seu: Otero, Antón Risco, Torrente, Cela, Valle-Inclán, Martín Gaité. E Joyce, sempre Joyce, pois o *Ulysses* parece ser unha fonte constante da que be-

do. E como todo lazarillo, ás veces Caneiro só é quen de transmitir o que a súa ollada lle permite albiscar. Ocorre así, por exemplo, nas liñas dedicadas a Martín Gaité, nas que o autor de Verín teima nunha lectura nada feminista da poliédrica obra da salmantina, quizais pensando no que significaba esta ideoloxía nos anos sesenta. O mesmo sucede con Otero, que se presenta, indiscutiblemente, como o mellor novelista da literatura de noso. Dentro da lóxica caneirista (pensamos nós), o intelectual confúndese levemente co escritor e o estilo é sempre máis importante que a trama.

Non obstante, neste texto hai moito máis que unha relectura dos agros creativos continuamente visitados por Caneiro: a primeira parte da obra é dedicada a analizar o que é